



CULTUR
ACTIVA

Contratación:
info@culturactiva.org
981 582 836

DOSSIER



As viaxes de Filipa

con Fran Campos

FICHA TÉCNICA

Formato: sesión de contos con música, títeres, teatro...

Duración: 50 minutos

Actor: Fran Campos

Creación, dramaturxia e música: Fran Campos

Asesoramento e imaxe gráfica: Fran Ameixeiras

Fotografía: ene-A fotógrafos

Dirección: BANDULLO AZUL

Necesidades técnicas

Iluminación: luz branca xeral

Espazo: mínimo 3x3 metros

Montaxe e preparación: 1 hora

Desmontaxe: 30 minutos



Contratación:

info@culturactiva.org

981 582 836



Nova sesión de contos para público familiar, terceira da compañía de teatro e clown **«Bandullo Azul»**, con **Filipa**, (marioneta), como protagonista, e o actor **Fran Campos**.

A narración oral volve ser o fío condutor deste espectáculo para público familiar, que xunto coa teatralización e a música, farán unha crónica das **«Viaxes de Filipa»** por todo o mundo abordo do seu globo.

Recollemos así, contos de cinco continentes co fin de narrar estas viaxes arredor do mundo: América, Oceanía, Asia, África, Europa e de novo na casa. Contos que Filipa foi escoitando e anotando no seu diario de viaxe.

Ademais de contos, «Bandullo Azul» segue coa idea de aportar **músicas, cancións, contos cantados, cancións contadas...**, que desta volta tamén chegarán doutros países como Brasil, China, Australia, do Sahara... Filipa trae unha maleta chea de historias. Unha viaxe de conto arredor do mundo!

Un espectáculo que se adapta a todo tipo de espazos como bibliotecas, salas, teatros e tamén en exterior.

FRAN CAMPOS formouse en escolas de teatro así como en obradoiros e clases maxistras con mestres como **Leo Bassi**, **Claudia Contín**, **Antón Valén**, **Josh Houben**, **Cándido Pazó**... ademais de ser membro fundador da compañía de teatro e clown «**BANDULLO AZUL**». Leva máis de dez anos co «**Padre Merino**», espectáculo no que mestura o clown, o bufón, maxia, música... percorrendo saldas de pequeno e mediano formato con máis de 300 funcións ás costas. Agora viaxa acompañado da nova incorporación da compañía, a amiga **Filipa e os seus contos**.

BANDULLO AZUL naceu en 2012 e formada polos actores e cómicos **Fran Ameixeiras** e **Fran Campos**. Estreáronse con unha versión clown da historia de Robinson Crusoe, **A verdadeira historia de Robinson Crusoe e Venres**, dirixida polo actor, cómico e director **Evaristo Calvo**, quen repetiu dirección no segundo espectáculo da compañía, **PLAY: historia de Maestro e Pupilo**, de creación propia.

A compañía ten participado en varios festivais de teatro e clown tanto en Galicia como en Portugal subíndose tanto ós escenarios como actuando a pé de rúa. Dende 2017 a compañía ofrece un espectáculo para toda a familia onde se **mestura a narración oral, os títeres, a música en directo...** nos cales **Filipa** é a protagonista.